

1.- PANORAMA XERAL

▼ AS ÁREAS FUNCIONAIS DE OURENSE – Verín, analizadas conxuntamente neste informe, formadas polas comarcas de Allaríz-Maceda, Baixa Limia, A Límia, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Verín e Viana (a súa situación pode consultarse no **mapa 1.1.**), son dúas das doce rexións funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas segundo a estrutura establecida no “Plan comarcal de Galicia” deseñado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia. Este plan concíbese como un instrumento de coordinación das directrices e normas básicas económicas e sociais para conseguir un desenvolvemento territorial homoxéneo e equilibrado de Galicia.

Xeograficamente, a área de Ourense–Verín limita ó norte cas comarcas


de Chantada, Terra de Lemos, Terra de Trives e O Barco, ó sur fai fronteira con Portugal, ó oeste coas comarcas do Deza, Tabeirós–Terra de Montes, Pontevedra e a Paradanta e ó leste con Castela–León.

Esta área está composta por 79 concellos, dos que 67 pertencen á área funcional de Ourense e 12 á de Verín, polo que a área de Ourense–Verín acolle o 85,9% do total de concellos da provincia de Ourense, e representan o 25% do total de concellos galegos (**cadro 1.1.**).

A área de Ourense–Verín, estudada neste informe de forma conxunta, ten unha extensión de 5.873 km², dos que 4.119 km² pertencen á área funcional de Ourense, o que supón o 56,7% da extensión total da provincia de Ourense, e 1.754 km² á de Verín, o que supón o 24,1% da extensión total da provincia de

M.1.1.

Situación das áreas funcionais de Ourense-Verín, formadas polas comarcas de Allariz-Maceda, Baixa Limia, A Limia, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Verín e Viana



1.1.

Territorio e poboación en Galicia: distribución provincial e segundo áreas funcionais

	Superficie (km ²)	Poboación 2003	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Provincia de A Coruña	7.943	1.120.814	141,1	94	10.306
Ferrol	1.556	209.016	134,4	20	pte
A Coruña	2.597	526.436	202,7	35	pte
Santiago	3.790	385.362	101,7	39	pte
Provincia de Lugo	10.026	360.512	36,0	67	9.750
Mariña	1.395	75.221	53,9	15	1.739
Monforte	1.981	58.981	29,8	12	1.906
Lugo	6.650	226.310	34,0	40	6.105
Provincia de Ourense	7.274	342.213	47,0	92	3.676
Ourense	4.119	270.589	65,7	67	3.102
Verín	1.754	36.749	21,0	12	263
O Barco	1.401	34.875	24,9	13	311
Provincia de Pontevedra	4.417	927.555	205,8	62	6.237
Vigo	1.605	513.396	319,8	25	pte
Pontevedra	1.316	338.419	252,7	28	pte
Lalín	1.496	75.740	50,6	9	pte
Galicia	29.660	2.751.094	92,8	315	29.964

Fonte: La Caixa, Anuario económico, IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2003 e Xunta, Mapa comarcal de Galicia

Ourense; polo tanto a área considerada neste informe representa o 80,7% da extensión total da provincia de Ourense. Asemade tendo en conta que a extensión da Comunidade Autónoma de Galicia é de 29.660 km², a área de Ourense–Verín supón o 19,8% do total territorial galego.

A comarca de Verín, con 1.007,8 km² é a máis extensa da área analizada, mentres que a comarca de Terra de Caldeas é a de menor extensión das dez comarcas estudadas, con 313,3 km².

En termos poboacionais, e segundo os datos reflectidos polo Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2003, a área de Ourense–Verín é a quinta máis poboada das doce áreas funcionais galegas. Sen embargo, unha análise individualizada do volume de poboación de cada unha das áreas funcionais analizadas reflicte que a área funcional de Ourense, con 270.589 habitantes, é a quinta máis poboada das doce áreas funcionais galegas, e a área funcional de Verín, con

36.749 habitantes, é a segunda menos poboada de Galicia.

Na área de Ourense–Verín residen 307.338 persoas, o que supón o 89,8% da poboación total residente na provincia de Ourense. No seu conxunto as dúas áreas funcionais acollen ó 11,1% do conxunto da poboación galega (**cadro 1.2.**).

Dentro da área obxecto de estudio, a comarca máis densamente poboada é a de Ourense, cunha densidade de poboación de 231,4 habitantes por km², mentres que a menor densidade corresponde á comarca de Viana, con 10,2 habitantes por km². Para o conxunto da área de Ourense–Verín, a densidade de poboación sitúase en 52,3 hab/km², por encima da densidade media da provincia de Ourense, que é de 47 habitantes por km², e por debaixo da densidade media galega, que é de 93,2 hab/km² (**cadro 1.3.**).

En termos de densidade de poboación, a área de Ourense–Verín inclúe por

1.2.

Territorio e poboación en Ourense-Verín: distribución segundo comarcas

	Superficie (km ²)	Poboación 1/01/2003	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Área de Ourense-Verín	5.873,1	307.338	52,3	79	3.365
Allariz-Maceda	382,2	15.301	40,0	6	294
Baixa Limia	530,5	9.539	18,0	5	164
A Limia	801,6	24.573	30,7	11	250
O Carballiño	552,4	29.982	54,3	9	595
Ourense	623,2	144.173	231,4	12	714
O Ribeiro	407,1	20.396	50,1	10	268
Terra de Caldelas	313,3	4.410	14,1	4	247
Terra de Celanova	508,9	22.215	43,7	10	570
Verín	1.007,8	29.116	28,9	8	168
Viana	746,3	7.633	10,2	4	95
Provincia Ourense	7.274	342.213	47,0	92	3.676
Galicia	29.532	2.751.094	93,2	315	29.964

Fonte: IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2003, Xunta, Mapa comarcal de Galicia e INE

un lado a área funcional de Ourense, a quinta máis densamente poboada das 12 existentes en Galicia, cunha densidade de 65,7 habitantes por km², e por outra banda a área funcional de Verín que, con 21 habitantes por km², é a menos densamente poboada do conxunto de Galicia.

O número de concellos de cada unha das dez comarcas que compoñen a área analizada vai dos doce concellos da comarca de Ourense ata os catro das comarcas de Terra de Caldelas e Viana.

En canto ás entidades singulares de poboación, das 3.676 que hai na provincia de Ourense, 3.365 están situadas nos concellos da área de Ourense-Verín, o que supón un 91,5% do total. A porcentaxe de entidades singulares do conxunto da área analizada (as devanditas 3.365) sobre o total das 29.964 existentes en Galicia é do 11,2%. Na súa división no interior da área, a comarca de Ourense, con 714, é a que ten un maior número de entidades singulares de poboación, fronte ás 95 de Viana, que é a comarca que conta cun menor número das mesmas.

A extensión da área de Ourense-Verín, así como o número de comarcas que a integran, fai que o conxunto da mesma se configure en torno a varios centros de atracción, sendo o concello de Ourense o centro principal e secundario que atrae un maior número de relacións funcionais intermunicipais.

Tendo en conta as relacións funcionais intermunicipais principais, as comarcas de Allariz-Maceda, Ourense e Terra de Caldelas teñen ó concello de Ourense como núcleo principal de atracción funcional. Nas sete comarcas restantes os núcleos de atracción funcional principal son os seguintes: na comarca de Baixa Limia, este núcleo é Bande; na comarca de a Limia, Xinzo de Limia; na comarca de O Carballiño, o concello de Carballiño; na comarca de O Ribeiro, Ribadavia; na comarca de Celanova, o concello de Celanova; na comarca de Verín o concello de Verín; e, finalmente, na comarca de Viana os núcleos de atracción principais son Viana do Bolo e A Gudiña.

As principais estradas da área de Ou-

1.3.

Territorio e poboación en Ourense-Verín: distribución segundo comarcas e concellos

	Superficie (km ²)	Poboación 2003	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Comarca de Allariz-Maceda	382,2	15.301	40,0	6	294
Allariz	86,0	5.216	60,7		86
Baños de Molgas	67,6	2.088	30,9		47
Maceda	101,9	3.307	32,4		58
Paderne de Allariz	38,8	1.643	42,4		44
Xunqueira de Ambia	60,2	1.997	33,2		39
Xunqueira de Espadañedo	27,7	1.050	38,0		20
Comarca de Baixa Limia	530,5	9.539	18,0	5	164
Bande	99,0	2.332	23,6		47
Entrimo	84,5	1.386	16,4		16
Lobeira	68,9	1.225	17,8		26
Lobios	168,4	2.584	15,3		42
Muiños	109,7	2.012	18,3		33
Comarca de A Limia	801,6	24.573	30,7	11	250
Baltar	94,0	1.189	12,7		15
Os Blancos	47,6	1.148	24,1		20
Calvos de Randín	97,6	1.242	12,7		18
Porqueira	43,4	1.151	26,5		30
Rairiz de Veiga	72,1	1.767	24,5		45
Sandiás	52,8	1.618	30,6		17
Sarreaus	77,3	1.845	23,9		22
Trasmiras	56,7	1.828	32,2		20
Vilar de Barrio	106,7	1.963	18,4		17
Vilar de Santos	20,7	1.001	48,4		12
Xinzo de Limia	132,7	9.821	74,0		34
Comarca de O Carballiño	552,4	29.982	54,3	9	595
Beariz	56,0	1.477	26,4		18
Boborás	87,8	3.286	37,4		71
O Carballiño	54,4	13.076	240,5		89
O Irixo	121,1	2.092	17,3		104
Maside	40,0	3.157	78,8		68
Piñor	52,7	1.527	29,0		59
Punxín	17,1	956	56,0		30
San Amaro	29,0	1.385	47,8		70
San Cristovo de Cea	94,4	3.026	32,1		86
Comarca de Ourense	623,2	144.173	231,4	12	714
Amoeiro	39,7	2.276	57,4		34
Barbadás	30,2	7.193	237,9		23
Coles	38,1	3.201	84,0		80
Esgos	37,8	1.318	34,9		37
Nogueira de Ramuín	98,3	2.565	26,1		71
Ourense	84,6	109.475	1.294,8		104
O Pereiro de Aguiar	60,9	5.326	87,5		62
A Peroxa	54,5	2.521	46,2		125
San Cibrao das Viñas	39,5	3.840	97,3		40
Taboadela	25,2	1.701	67,5		41
Toén	58,3	2.521	43,2		25
Vilamarín	56,1	2.236	39,9		72
Comarca de O Ribeiro	407,1	20.396	50,1	10	268
A Arnoia	20,7	1.233	59,6		20
Avión	120,5	2.881	23,9		36
Beade	6,4	576	90,0		2
Carballada de Avia	47,0	1.596	34,0		21
Castro de Miño	39,7	2.052	51,6		43
Cenlle	29,0	1.601	55,1		27
Cortegada	26,9	1.420	52,8		41
Leiro	38,3	1.967	51,4		37
Melón	53,4	1.530	28,7		25
Ribadavia	25,2	5.540	220,2		16
Comarca de Terra Caldelas	313,3	4.410	14,1	4	247
Castro Caldelas	87,6	1.863	21,3		94
Montederramo	135,6	1.188	8,8		84
Parada de Sil	62,4	808	12,9		44
Teixeira	27,6	551	19,9		25
Comarca de Terra de Celanova	508,9	22.215	43,7	10	570
A Bola	34,9	1.540	44,1		71
Cartelle	94,3	3.641	38,6		49
Celanova	67,3	6.071	90,2		132
Gomesende	28,3	1.105	39,0		68
A Merca	51,0	2.373	46,5		45
Padrenda	57,0	2.530	44,4		36
Pontedeva	9,9	664	67,3		9
Quintela de Leirado	31,3	851	27,2		30
Ramirás	40,7	2.053	50,5		90
Verea	94,2	1.387	14,7		40
Comarca de Verín	1.007,2	29.116	28,9	8	168
Castro do Val	122,1	1.263	10,3		16
Cualedro	117,6	2.316	19,7		20
Laza	215,9	1.826	8,5		23
Monterrei	119,1	3.246	27,3		17
Oimbra	71,8	1.991	27,7		10
Riós	114,4	2.123	18,6		35
Verín	94,1	13.658	145,2		18
Vilardavós	152,1	2.693	17,7		29
Comarca de Viana	746,3	7.633	10,2	4	95
A Gudiña	171,4	1.651	9,6		16
A Mezquita	104,3	1.468	14,1		10
Viana do Bolo	270,4	3.743	13,8		52
Vilariño de Conso	200,2	771	3,9		17
Area de Ourense-Verín	5.872	307.338	52,3	79	3.365
Provincia Ourense	7.273	342.213	47,1	92	3.637
Galicia	29.532	2.751.094	93,2	315	

Fonte: IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2003, Xunta, Mapa comarcal de Galicia e INE

rense–Verín son a autovía A-52, que une Ourense e Vigo e comunica Ourense con Verín para unirse coa autovía A-VI en Benavente destino Madrid, a estrada N-120, que une Ourense con Monforte de Lemos, a estrada nacional N-525, que une Santiago de Compostela con Benavente pasando por Ourense, a estrada nacional N-541, que une Pontevedra con Ourense, e a estrada da rede primaria N-540, que une Ourense con Celanova.

En canto á rede ferroviaria, e tendo en conta a clasificación de liñas de Renfe en función da súa utilización e importancia (A-1, A-2, B e C), na actualidade na área de Ourense–Verín existe unha liña de clasificación B que comunica Ourense con Santiago de Compostela e Medina do Campo, e una liña de cualificación A-2 que une Vigo–Tui–Ourense–Monforte de Lemos.

Realidade socioeconómica

Unha primeira aproximación á realidade socioeconómica da área analizada de Ourense–Verín pode ser realizada a partir da información proporcionada polo *Anuario económico de España 2003* de La Caixa. Os datos aquí recollidos poden ser divididos en dous tipos: primeiro, unha serie de indicadores económicos (**cadros 1.4. e 1.5.**) que tentan recoller diversos aspectos no eido industrial, comercial, turístico e fiscal; posteriormente, datos (**cadros 1.6. e 1.7.**) referidos a diferentes variables con incidencia na actividade económica, como o número de teléfonos, vehículos de motor, oficinas banca-


rias e maila relación dos diferentes tipos de actividades económicas.

Como complemento ó primeiro tipo de datos faise referencia a unha estimación da renda familiar dispoñible por habitante denominada “nivel económico”. Sen embargo a análise deste índice non pode ser feita a nivel comarcal posto que, pola súa confección, non é posible a agregación e só resulta factible un estudio dos concellos en relación coas súas correspondentes comarcas e que é recollido no **gráfico 1.1.** No **gráfico 1.2.**, agrúpanse os concellos en función da porcentaxe de variación da súa renda dispoñible no período 1996-2001.

Tamén resulta de interese a análise da información a nivel municipal sobre o Importo sobre a Renda das Persoas Físicas que facilita a Axencia Estatal da Administración Tributaria (**cadro 1.8.**). Concretamente recóllense as seguintes variables: a porcentaxe de número de declarantes por tramos de base imponible, o rendemento medio declarado e a porcentaxe de rendementos declarados segundo a súa actividade.

Antes do inicio da análise destes indicadores e variables, cómpre destaca-lo feito de que este estudio é realizado polo Servicio de Estudios de La Caixa só para municipios con máis de 1.000 habitantes. Para o conxunto de España estímase que isto supón un 4% de erro. No caso da área de Ourense–Verín, as fallas de información afectan a sete concellos: Punxín, Beade, Parada de Sil, Teixeira, Pontevedra, Quintela de Leirado e Vilariño de Conso.

G.1.1.




(1) Faltan os concellos de Punxín, Beade, Parada de Sil, Teixeira, Pontedeva, Quintela de Leirado e Vilariño de Conso porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles de menos de 1000 hab.

(2) Os niveis calcúlanse segundo a renda familiar dispoñible por habitante e ano

Fonte: *La Caixa*, *Anuario económico*

G.1.2.



(1) Faltan os concellos de Punxín, Beade, Parada de Sil, Teixeira, Pontedeva, Quintela de Leirado e Vilariño de Conso porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles de menos de 1000 hab.

Fonte: *La Caixa*, *Anuario económico*

1.4.

Principais indicadores económicos das áreas funcionais galegas 2001

	Cota de Mercado	Índice industrial	Índice comercial	Índice comercial polo miúdo	Índice comercial por xunto	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica
Provincia de A Coruña	2.512	2.492	2.604	2.617	2.576	2.902	1.328	2.406
Ferrol	451	575	366	371	355	515	110	386
A Coruña	1.193	1.306	1.395	1.314	1.523	1.518	557	1.339
Santiago	868	611	843	932	698	869	661	681
Provincia de Lugo	858	987	775	729	855	792	293	724
Mariña	183	415	149	141	161	154	80	196
Monforte	142	174	101	104	101	113	36	109
Lugo	533	398	525	484	593	525	177	419
Provincia de Ourense	853	887	712	701	729	797	264	708
Ourense	664	589	576	570	580	651	188	544
Verín	106	68	78	76	78	81	50	60
O Barco	83	230	58	55	71	65	26	104
Provincia de Pontevedra	2.063	1.680	2.011	1.933	2.151	2.007	1.104	1.756
Vigo	1.125	1.093	1.273	1.174	1.449	1.158	519	1.103
Pontevedra	766	451	621	642	589	701	547	543
Lalín	172	136	117	117	113	148	38	110
Galicia	6.286	6.046	6.102	5.980	6.311	6.498	2.989	5.594
Galicia occidental-costa	4.315	4.223	4.470	4.398	4.594	4.677	2.424	4.080
Galicia interior	1.971	1.823	1.632	1.582	1.717	1.821	565	1.514

Fonte: La Caixa, Anuario económico

O primeiro dos indicadores recollidos nos **cadros 1.4. e 1.5.** é a “cota de mercado”, un índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa dos concellos mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresala participación (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. As áreas funcionais de Ourense–Verín, analizadas de xeito individual, están respectivamente no quinto e undécimo posto entre as doce áreas funcionais en que se divide Galicia, sendo, polo tanto, a área funcional de Verín a que posúe a menor cota de mercado, só por diante da área funcional de O Barco.

A comarca que acada un maior valor neste indicador dentro da área de Ourense–Verín, cun nivel de 358, é Ourense, mentres que a comarca de Terra de Caldeas acada o nivel máis baixo, cun nivel de 8. En conxunto, a área de Ourense–Verín, cunha cota de mercado de 751, dispón do 11,9% da cota de mercado do total de Ga-

licia, e do 38,1% da cota de mercado total da Galicia interior.

O segundo indicador é o “índice industrial”, un índice comparativo da importancia da industria baseado na recadación do imposto sobre actividades económicas (IAE). De xeito semellante ó anterior, este indicador recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) da industria sobre o total nacional. Comparando o índice industrial das diferentes áreas funcionais de Galicia, observamos como as áreas funcionais de Ourense–Verín sitúanse, analizadas de xeito individual, no cuarto e duodécimo lugar en importancia do mesmo, cuns valores, respectivamente, de 589 e 68.

Dentro da área obxecto de estudo, os datos deste índice reflicten que a comarca de Ourense concentra a meirande parte da actividade industrial, cun valor de 354, seguida a moita distancia polas comarcas de O Ribeiro, O Carballiño e Terra de Ce-

1.5.

**Principais indicadores económicos 2001 de Ourense-Verín:
distribución segundo comarcas e concellos**

	Cota de Mercado	Índice Industrial	Índice comercial	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica	Nivel económico
Comarca de Allariz-Maceda	36	16	13	19	10	14	
Allariz	12	6	6	7	5	5	5
Baños de Molgas	5	1	1	3	4	1	4
Maceda	9	3	4	6	1	4	4
Paderne de Allariz	4	1	1	1	-	1	5
Xunqueira de Ambia	4	2	1	1	-	2	4
Xunqueira de Espadañedo	2	3	-	1	-	1	4
Comarca de Baixa Limia	24	32	10	13	4	14	
Bande	7	2	4	4	-	3	4
Entrimo	4	2	1	3	3	1	3
Lobeira	3	1	1	1	-	1	4
Lobios	6	14	3	3	1	5	4
Muiños	4	13	1	2	-	4	3
Comarca de A Limia	61	25	32	44	4	28	
Baltar	3	1	1	1	1	1	3
Os Blancos	3	1	-	1	-	1	3
Calvos de Randín	3	1	1	1	-	1	4
Porqueira	2	2	-	-	-	1	3
Rairiz de Veiga	4	1	1	1	-	1	4
Sandás	4	3	2	2	-	2	3
Sarreaus	4	1	1	2	-	1	3
Trasmiras	5	1	1	2	-	1	3
Vilar de Barrio	5	1	1	2	-	1	4
Vilar de Santos	2	1	1	1	-	1	4
Xinzo de Limia	26	12	23	31	3	17	4
Comarca de O Carballiño	73	52	38	59	15	42	
Beariz	6	1	-	1	1	1	5
Boborás	8	17	1	2	-	6	4
O Carballiño	33	18	25	42	13	24	5
O Irixo	5	6	2	1	-	3	3
Maside	8	4	5	6	-	3	4
Piñor	3	3	1	2	1	1	4
Punxín (1)	-	-	-	-	-	-	-
San Amaro	3	1	-	2	-	1	3
San Cristovo de Cea	7	2	4	3	-	3	4
Comarca de Ourense	358	354	439	455	134	386	
Amoeiro	5	3	2	4	-	2	5
Barbadás	15	8	18	6	2	11	5
Coles	7	6	7	6	3	4	5
Esgos	3	2	1	1	-	1	4
Nogueira de Ramuín	6	82	3	2	2	26	4
Ourense	279	157	366	413	119	293	6
O Pereiro de Aguiar	11	10	5	5	1	6	5
A Peroxa	5	1	3	2	2	2	4
San Cibrao das Viñas	12	75	28	10	2	34	6
Taboadela	4	2	1	2	3	2	4
Toén	6	4	2	2	-	2	5
Vilamarín	5	4	3	2	-	3	4
Comarca de O Ribeiro	53	53	19	27	16	29	
A Arnoia	3	1	-	1	3	1	4
Avión	11	1	1	2	-	1	4
Beade (1)	-	-	-	-	-	-	-
Carballada de Avia	3	2	1	1	-	1	4
Castrelo de Miño	5	30	2	1	-	10	4
Cenlle	4	1	1	2	-	1	4
Cortegada	4	1	1	2	1	1	4
Leiro	5	2	2	3	8	2	4
Melón	3	2	1	1	-	1	3
Ribadavia	15	13	10	14	4	11	5
Comarca de Terra Caldelas	8	5	2	4	3	3	
Castro Caldelas	5	2	2	3	2	2	4
Montederramo	3	3	-	1	1	1	4
Parada de Sil (1)	-	-	-	-	-	-	-
Teixeira (1)	-	-	-	-	-	-	-
Comarca de Terra de Celanova	51	52	23	30	2	28	
A Bola	3	1	-	1	-	-	3
Cartelle	8	3	3	5	-	2	3
Celanova	17	5	11	13	2	8	5
Gomesende	3	1	1	1	-	1	4
A Merca	6	4	2	4	-	2	4
Padrenda	6	34	2	4	-	12	3
Pontedeva (1)	-	-	-	-	-	-	-
Quintela de Leirado (1)	-	-	-	-	-	-	-
Ramirás	5	3	3	1	-	2	4
Verea	3	1	1	1	-	1	3
Comarca de Verín	68	35	48	54	13	35	
Castrelo do Val	2	1	-	1	-	-	3
Cualedro	6	1	1	2	-	1	3
Laza	4	1	1	1	1	1	3
Monterrei	6	2	2	2	3	1	3
Oimbra	4	2	1	1	-	1	3
Riós	5	1	2	4	1	2	3
Verín	35	25	40	42	8	28	4
Vilardevós	6	2	1	1	-	1	3
Comarca de Viana	19	25	8	14	6	13	
A Gudiña	5	1	2	4	1	2	4
A Mezquita	4	1	1	3	3	1	3
Viana do Bolo	10	23	5	7	2	10	3
Vilariño de Conso (1)	-	-	-	-	-	-	-
Total área Ourense -Verín	751	649	632	719	207	592	
Galicia	6.305	6.138	6.111	6.505	3.024	5.630	5

(1) Non hai datos porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles concellos de menos de 1000 hab.
 Fonte: La Caixa , Anuario económico

lanova, con valores de 53, 52 e 52, respectivamente, mentres que dentro da área analizada, comarcas como a de Terra de Caldelas acada un valor de 5 no índice industrial.

O “índice comercial” configúrase como un indicador comparativo da importancia do comercio en función do IAE das actividades de comercio por xunto e polo miúdo, e recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) con respecto ó conxunto do Estado. No que respecta a este índice, a área de Ourense–Verín, analizada de forma individual, sitúase no quinto e undécimo lugar en comparación coas restantes áreas funcionais de Galicia.

Como ocorría nas actividades industriais, as comerciais aséntanse na área de Ourense–Verín dun xeito claro na comarca de Ourense, cun índice de 439, mentres que no extremo oposto atópase Terra de Caldelas, cun índice comercial de 2.

O cuarto dos índices recollidos céntrase no eido do turismo. Trátase dun indicador comparativo da importancia turística que expresa a participación en tanto por 100.000. Este “índice turístico” tamén parte do IAE distinguindo segundo a categoría dos establecementos, o número de habitacións e maila súa ocupación anual. As áreas funcionais de Ourense–Verín son a sexta e novena respectivamente en importancia no total de áreas funcionais de Galicia.

A comarca de Ourense concentra a maior importancia no seo da área analizada, cun índice de 134, sendo a segunda

comarca en importancia no que respecta a este índice a de O Ribeiro, cun valor de 16. A comarca coa menor participación a nivel turístico no conxunto de tódalas comarcas da área obxecto de estudio neste informe é a comarca de Terra de Celanova, cun índice de 2.

O “índice de actividade económica” xorde como un indicador comparativo da actividade económica municipal. Parte tamén da información do IAE e expresa a participación da actividade económica (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. Este índice esté relacionado coa “cota de mercado”, é dicir, xeralmente obsérvase unha correlación entre a capacidade de compra e o Imposto sobre Actividades Económicas, aínda que as veces se dan algunhas diferencias. O primeiro e o último lugar con respecto á actividade económica dentro da área de Ourense–Verín corresponden ás comarcas de Ourense e de Terra de Caldelas, respectivamente, con valores de 386 e 2. Así mesmo, o conxunto da área analizada, cun índice de actividade económica de 544 para Ourense e de 60 para Verín, insólase no cuarto e duodécimo lugar, respectivamente, en importancia do valor do citado índice dentro do conxunto das áreas funcionais de Galicia.

Na comparación destes índices de importancia relativa da área de Ourense–Verín con respecto ó total da provincia de Ourense, salienta que a área acada a súa porcentaxe máis alta no índice comercial, cun valor do 88,8%, mentres que a menor porcentaxe corresponde ó índice industrial, onde a área de Ourense–Verín significa un 73,2% do total da provincia.

Polo que se refire á relación entre o conxunto da área de Ourense–Verín e o total galego, a cifra máis importante corresponde ó índice industrial, cun valor do 10,6%, mentres no extremo contrario está o índice turístico, cun valor do 6,8%. Restringindo a relación á comparación entre o conxunto da área de Ourense–Verín e o total da Galicia interior, o valor máis importante está no índice de actividade económica, cunha porcentaxe do 39,1%, fronte ó índice industrial, cun valor do 35,6%.

Para completa-la análise xeral da situación da área estudada, os **cadros 1.6.** e **1.7.** recollen outra serie de variables ben diferentes. Aquí non se trata de índices ou indicadores (expresados a modo de porcentaxe) senón que son magnitudes concretas que se refiren a variables como número de teléfonos, oficinas bancarias, actividades industriais, actividades comerciais por xunto e polo miúdo e actividades de restauración e bares. Cada unha recolle diversos aspectos do contexto económico da área analizada e proporciona unha idea cualitativa das distintas comarcas.

Así, por exemplo, o número de teléfonos reflicte o grao de desenvolvemento económico: a área de Ourense–Verín, con 107.108 e 15.636 teléfonos, respectivamente, é a quinta e undécima área funcional en número de teléfonos no total de áreas funcionais galegas. Dentro da mesma, a comarca de Ourense, con máis de 62.000 aparellos, atópase á cabeza, seguida a distancia da comarca de Carballiño, con 10.715. No extremo oposto está a comarca de Terra de Caldelas, con 1.202 unidades no conxunto da comarca.

Os vehículos de motor (automóbiles, camiões, furgonetas e outros) tamén se concentran maioritariamente nas comarcas de Ourense e Carballiño, fundamentalmente na primeira delas, xa que na comarca de Ourense está o 49,3% dos vehículos totais da área de Ourense–Verín. A comarca de Terra de Caldelas é a que aporta un menor número de vehículos, con 1.839 no conxunto da comarca. A área de Ourense–Verín dispón do 89,5% dos vehículos de motor da provincia de Ourense, do 12,6% do total de Galicia e do 39,9% do total de vehículos de motor computados na Galicia interior.

A análise das actividades segundo se trate de actividades industriais, comerciais por xunto, comerciais polo miúdo e de restauración e bares amosa, en termos xerais, unha concentración na comarca de Ourense.

Polo que se refire ás comarcas cun menor número de actividades nos distintos eidos, a comarca de Terra de Caldelas é a que conta, en termos absolutos e relativos, con menos unidades en todas as actividades estudadas: industriais, comerciantes por xunto, comerciantes polo miúdo e de restauración e bares.

Para estas actividades a relación da área con respecto ó total de Galicia sitúase en tódolos casos nunha banda entre o 14,5 e o 9,8%. As maiores porcentaxes acádanse no número de oficinas bancarias e nas actividades industriais. Por outra banda, con respecto á relación entre o total da área de Ourense–Verín e o total da Galicia interior, tódolos niveis están entre o 42,9% das oficinas bancarias e o

1.6.

Principais variables con incidencia na actividade económica nas áreas funcionais galegas 2001

	Telefonos	Vehiculos de motor	Oficinas bancarias	Número de empresas	Actividades Industriais	Actividades comerciais por xunto	Actividades comerciais polo miúdo	Actividades de restauración e bares
						(número)	(en m ²)	
Provincia de A Coruña	426.127	559.929	889	70.860	17.283	4.619	2.243.309	10.322
Ferrol	79.818	104.827	137	10.534	2.448	642	374.748	1.830
A Coruña	211.577	266.221	439	38.218	8.873	2.649	1.050.892	4.843
Santiago	134.732	188.881	313	22.108	5.962	1.328	817.669	3.649
Provincia de Lugo	136.836	197.767	348	22.027	6.202	1.580	813.529	3.315
Marina	29.034	39.853	83	4.500	1.416	319	177.610	779
Monforte	22.418	32.233	57	3.291	1.121	212	116.146	503
Lugo	85.384	125.681	208	14.236	3.665	1.049	519.773	2.033
Provincia de Ourense	135.483	210.410	389	21.211	6.695	1.336	663.662	2.995
Ourense	107.108	170.113	300	17.196	5.140	1.042	524.258	2.305
Verín	15.636	22.226	48	1.900	706	161	81.657	389
O Barco	12.739	18.071	41	2.115	849	133	57.747	301
Provincia de Pontevedra	328.856	517.386	708	55.256	13.783	4.080	1.699.529	6.900
Vigo	190.337	291.721	381	31.164	7.002	2.658	927.640	3.548
Pontevedra	114.930	184.357	268	19.719	5.285	1.192	630.260	2.738
Lalin	23.589	41.308	59	4.373	1.496	230	141.829	614
Galicia	1.027.302	1.485.492	2.334	169.354	43.963	11.615	5.420.029	23.532
Galicia occidental-costa	722.254	1.013.753	1.539	-	28.763	8.427	3.793.390	16.294
Galicia interior	305.048	471.739	795	-	15.200	3.188	1.626.639	7.238

Fonte: La Caixa, Anuario económico e INE, Directorio Central de Empresas

1.7.

**Principais variables con incidencia na actividade económica de Ourense-Verín 2001:
distribución segundo comarcas e concellos**

	Teléfonos	Vehículos de motor	Oficinas bancarias	Actividades industriais	Actividades comerciais maioristas	Actividades comerciais minoristas	Actividades de restauración e bares
					(número)	(m ²)	
Comarca de Allariz-Maceda	5.712	8.117	17	359	24	251	13.637
Allariz	1.916	2.555	6	140	12	96	5.176
Baños de Molgas	787	1.109	2	37	2	27	830
Maceda	1.300	1.902	5	75	5	87	6.199
Paderne de Allariz	644	852	3	31	2	11	269
Xunqueira de Ambia	689	989	1	51	3	22	1.007
Xunqueira de Espadañedo	376	710	-	25	-	8	156
Comarca de Baixa Limia	3.426	4.732	16	163	17	148	9.259
Bande	920	1.345	5	36	8	56	3.981
Entrimo	597	713	3	43	2	25	2.512
Lobeira	466	643	3	24	1	13	589
Lobios	635	1.239	3	36	5	30	1.237
Muiños	606	792	2	24	1	24	940
Comarca de A Limia	8.529	12.351	30	548	67	557	45.426
Baltar	452	542	2	19	2	16	671
Os Blancos	353	543	1	33	1	11	930
Calvos de Randín	468	550	4	18	2	13	555
Porqueira	391	465	-	15	-	3	415
Rairiz de Veiga	574	847	1	40	1	19	1.126
Sandías	554	873	1	32	7	17	1.233
Sarreaus	605	780	3	26	3	13	850
Trasmiras	576	849	4	34	1	22	2.075
Vilar de Barrio	692	1.052	2	40	3	25	1.065
Vilar de Santos	307	506	1	35	6	9	461
Xinzo de Limia	3.557	5.344	11	256	41	409	36.045
Comarca de O Carballiño	10.715	20.984	34	664	82	565	47.945
Beariz	528	3.818	6	18	-	19	872
Boborás	1.129	2.563	5	51	3	27	679
O Carballiño	5.291	8.091	13	312	47	353	27.163
O Irixo	746	1.113	3	43	5	24	1.095
Maside	1.101	2.074	3	90	11	58	13.826
Piñor	454	802	-	51	2	19	1.033
Punxín (1)	-	-	-	-	-	-	-
San Amaro	471	839	2	24	1	11	311
San Cristovo de Cea	995	1.684	2	75	13	54	2.966
Comarca de Ourense	62.492	92.960	142	2.435	741	3.276	363.389
Amoeiro	955	1.191	2	62	8	32	2.258
Barbadás	2.539	3.634	4	162	41	96	24.538
Coles	1.281	1.916	1	101	20	54	20.613
Esgos	490	788	1	28	3	13	1.047
Nogueira de Ramuín	982	1.374	2	58	9	28	1.199
Ourense	49.438	72.839	116	1.376	494	2.822	270.709
O Pereiro de Aguiar	1.700	2.528	3	148	21	36	2.850
A Peroxa	738	1.123	3	39	9	29	2.844
San Cibrao das Viñas	2.255	3.782	5	269	115	100	27.602
Taboada	518	1.089	-	60	3	22	2.195
Toén	863	1.503	3	74	5	14	428
Vilamarín	733	1.193	2	58	13	30	7.106
Comarca de O Ribeiro	7.464	17.360	27	458	51	326	17.642
A Arnoia	372	535	1	31	1	14	208
Avión	1.139	7.997	6	27	1	17	591
Beade (1)	-	-	-	-	-	-	-
Carballeda de Avia	544	962	1	55	3	17	1.294
Castro de Miño	738	1.186	2	55	8	19	638
Cenlle	651	777	3	29	6	17	329
Cortegada	531	830	3	31	2	24	1.554
Leiro	724	1.158	3	55	5	21	712
Melón	564	727	-	39	4	14	1.277
Ribadavia	2.201	3.188	8	136	21	183	11.039
Comarca de Terra Caldeas	1.202	1.839	6	69	6	60	3.548
Castro Caldeas	736	1.162	4	49	5	50	3.220
Montederramo	463	677	2	20	1	10	328
Parada de Sil (1)	-	-	-	-	-	-	-
Teixeira (1)	-	-	-	-	-	-	-
Comarca de Terra de Celanova	7.568	11.770	28	444	54	356	23.412
A Bola	454	729	1	22	1	12	332
Cartelle	1.280	2.029	5	68	6	28	1.791
Celanova	2.424	3.682	10	138	24	191	14.132
Gomesende	411	560	2	28	3	17	625
A Merca	854	1.482	3	70	4	24	2.322
Padrenda	834	1.284	4	45	5	42	1.878
Pontedeva (1)	-	-	-	-	-	-	-
Quintela de Leirado (1)	-	-	-	-	-	-	-
Ramirás	827	1.247	3	55	8	26	1.764
Verea	484	757	-	18	3	16	568
Comarca de Verín	10.033	14.595	30	466	93	605	50.388
Castro do Val	454	597	-	13	1	9	212
Cualedro	763	1.122	4	33	1	30	1.503
Laza	643	792	2	19	-	22	1.228
Monterrei	1.076	1.296	1	48	4	25	5.232
Oimbra	536	850	1	24	4	13	366
Ríos	706	1.134	3	29	6	44	3.320
Verín	4.878	7.592	15	268	77	441	37.643
Vilardavós	977	1.212	4	32	-	21	884
Comarca de Viana	2.456	3.712	11	110	13	173	13.781
A Gudiña	535	1.110	4	23	5	43	6.348
A Mezquita	433	658	2	21	1	38	1.938
Viana do Bolo	1.488	1.944	5	66	7	92	5.495
Vilariño de Conso (1)	-	-	-	-	-	-	-
Total área Ourense -Verín	119.597	188.420	341	5.716	1.148	6.317	588.427
Galicia	1.031.004	1.490.734	2.347	44.148	11.639	57.878	5.430.157
Total Galicia	1.031.004	1.490.734	2.347	44.148	11.639	57.878	5.430.157

(1) Non hai datos porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles concellos de menos de 1000 hab.
Fonte: La Caixa , Anuario económico

36% das actividades comerciais por xunto.

Outro indicador interesante, malia que pola súa confección non é factible o estudio a nivel comarcal, é o denominado “nivel económico”, recollido no antedito **cadro 1.5**. O *Anuario económico de España 2003*, elaborado polo servizo de estudos de “La Caixa”, considera a nivel municipal a existencia de 10 niveis económicos en función da renda familiar dispoñible por habitante e ano, definida como a suma dos ingresos efectivamente percibidos polas economías domésticas, calculados como o total de ingresos procedentes das rendas de capital, prestacións sociais e transferencias menos os impostos pagados polas familias e as cotas pagadas á seguridade social.

O **gráfico 1.1**. amosa a distribución de concellos en cada comarca segundo o seu nivel económico. Tendo isto en conta, na área de Ourense–Verín, o máximo nivel económico alcanzado é o de nivel 6 (de 9.700 a 10.650 euros/ano) onde se integran dous concellos, o de Ourense e o de San Cibrao das Viñas; no nivel 5 (de 8.800 a 9.700 euros/ano) inclúense once concellos, sendo o nivel económico 4 (de 8.225 a 8.800 euros/ano) o maioritario, tendo ese nivel económico o 48,6% dos concellos da área analizada dos que se obtén este indicador. Neste senso destaca que sete concellos da área non obteñen cualificación por posuír menos de 1.000 habitantes e, polo tanto, non son considerados pola metodoloxía utilizada polo *Anuario económico* de La Caixa. Finalmente, salienta o feito de que 24 concellos da área obxecto de estudio teñen un

nivel 3 (de 7.300 a 8.225 euros/ano).

No que respecta á evolución da renda familiar dispoñible, no **gráfico 1.2**. móstranse os concellos de cada comarca en función da porcentaxe de variación da súa renda dispoñible no período 1996-2001. Obsérvase que, no conxunto da área analizada, tódolos concellos están situados no nivel 4, o que significa unha porcentaxe de variación de renda dispoñible entre o 20 e o 25%, agás o concello de Barbadás na comarca de Ourense que é o único que se sitúa no nivel 5 segundo a clasificación feita polo *Anuario económico* de La Caixa 2003, o que implica unha variación da renda dispoñible neste concello entre o 25 e o 31%, no período analizado.

A información sobre os rendementos e número de declarantes nos municipios da área de Ourense–Verín aparece recollida no **cadro 1.8.**, que amosa as porcentaxes de declarantes por tramos de base imponible, o rendimento medio declarado e a porcentaxe de rendementos declarados, segundo a súa actividade.

Tendo en conta catro tramos de base imponible –de 0 a 0,5 millóns de pesetas o primeiro; de 0,5 a 1,5 millóns de pesetas o segundo; de 1,5 a 3 millóns o terceiro; e de máis de 3 millóns o cuarto tramo–, no citado cadro pódese observar como o municipio de Ourense é o que ten unha maior porcentaxe de declarantes no cuarto tramo, co 21,68% dos declarantes totais do concello, seguido do municipio de Verín, co 14,1% dos declarantes totais do concello no cuarto tramo de base imponible.

1.8.

Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas 1998: distribución segundo comarcas e concellos

	Nº de declarantes por tramos de Base Imponible (en millóns de pts.)				Rendemento medio declarado	Rendementos declarados, segundo a súa actividade			
	De 0,0 a 0,5	De 0,5 a 1,5	De 1,5 a 3,0	Máis de 3,0		Traballo	Empresarial	Profesional	Outros
	(%)				(en pts.)	(%)			
Comarca de Allariz-Maceda									
Allariz	6,50	51,76	29,33	12,41	1.715.219	77,30	14,00	2,11	6,59
Baños de Molgas	16,08	47,82	28,35	7,75	1.436.013	80,49	10,51	0,64	8,36
Maceda	8,87	52,55	30,01	8,57	1.550.457	77,56	14,20	0,81	7,43
Paderne de Allariz	10,03	55,68	27,74	6,55	1.415.813	73,70	9,52	0,89	15,89
Xunqueira de Ambia	10,32	54,28	27,43	7,97	1.452.715	74,06	19,04	0,95	5,95
Xunqueira de Espadañedo	7,84	59,49	28,49	4,18	1.344.340	83,32	8,59	0,35	7,74
Comarca de Baixa Limia									
Bande	11,68	50,47	28,86	8,99	1.506.995	77,52	13,02	2,29	7,17
Entrimo	11,05	57,59	24,26	7,10	1.407.286	76,52	14,64	0,16	8,68
Lobeira	14,35	49,14	24,57	11,94	1.489.388	78,07	14,12	0,09	7,72
Lobios	8,97	57,45	24,64	8,94	1.486.586	78,48	11,61	1,05	8,86
Muiños	19,30	50,33	23,72	6,65	1.328.431	80,89	10,52	0,30	8,29
Comarca de A Limia									
Baltar	19,45	47,22	27,43	5,90	1.372.073	69,87	21,15	1,77	7,21
Os Blancos	11,51	54,35	27,87	6,27	1.407.345	76,65	15,98	0,01	7,36
Calvos de Randín	20,30	57,68	17,68	4,34	1.178.184	75,62	15,43	0,27	8,68
Porqueira	19,21	51,33	24,55	4,91	1.287.569	77,38	12,83	1,64	8,15
Rairiz de Veiga	16,44	55,71	23,57	4,28	1.225.400	73,51	16,81	1,81	7,87
Sandías	13,92	51,21	26,09	8,78	1.487.013	63,17	26,86	2,40	7,57
Sarreaus	12,22	57,92	23,37	6,49	1.350.425	66,85	23,30	1,47	8,38
Trasmiras	12,78	55,20	26,30	5,72	1.369.933	75,88	16,05	0,42	7,65
Vilar de Barrio	10,63	47,54	33,98	7,85	1.560.054	76,55	13,14	2,20	8,11
Vilar de Santos	14,57	51,81	27,72	5,90	1.391.243	64,82	27,52	-	7,66
Xinzo de Limia	8,15	46,16	34,54	11,15	1.729.859	68,64	20,56	2,12	8,68
Comarca de O Carballiño									
Beariz	17,90	50,40	23,17	8,53	1.453.795	59,77	12,33	0,52	27,38
Boborás	11,24	62,03	21,52	5,21	1.265.532	78,96	10,56	0,62	9,86
O Carballiño	8,00	48,81	30,08	13,11	1.722.920	72,93	13,92	2,94	10,21
O Irixo	13,79	60,21	22,60	3,40	1.244.338	74,00	15,21	0,35	10,44
Maside	9,84	55,59	27,60	6,97	1.452.419	70,50	18,25	1,13	10,12
Piñor	9,42	63,11	24,50	2,97	1.260.512	71,81	21,99	0,17	6,03
Punxín	7,56	55,73	31,47	5,24	1.464.558	89,33	5,43	1,79	3,45
San Amaro	9,62	61,29	26,27	2,82	1.258.854	74,88	16,29	0,06	8,77
San Cristovo de Cea	14,00	53,89	26,52	5,59	1.389.595	70,17	20,13	2,04	7,66
Comarca de Ourense									
Amoeiro	8,04	55,53	28,57	7,86	1.527.823	76,40	13,84	2,32	7,44
Barbadás	4,57	43,69	38,76	12,98	1.833.484	86,51	8,73	2,49	2,27
Coles	6,96	50,34	34,72	7,98	1.655.615	75,89	16,60	1,34	6,17
Esgos	6,36	53,65	32,06	7,93	1.536.488	80,22	10,65	0,96	8,17
Nogueira de Ramuín	6,17	52,86	32,72	8,25	1.571.763	81,56	9,25	0,96	8,23
Ourense	5,38	34,84	38,10	21,68	2.210.319	83,61	6,77	3,41	6,21
O Pereiro de Aguiar	7,60	50,08	30,22	12,10	1.748.192	82,17	10,85	0,89	6,09
A Peroxa	10,48	62,04	20,27	7,21	1.385.533	81,34	11,30	0,58	6,78
San Cibrao das Viñas	4,90	47,06	36,12	11,92	1.779.078	81,19	10,98	2,70	5,13
Taboadela	4,71	49,28	39,91	6,10	1.601.651	83,82	10,14	0,59	5,45
Toén	7,83	51,88	32,34	7,95	1.558.598	85,26	9,83	0,54	4,37
Vilamarín	9,37	47,21	31,67	11,75	1.686.808	78,10	13,72	2,51	5,67
Comarca de O Ribeiro									
A Arnoia	8,00	61,08	25,00	5,92	1.366.676	81,02	11,56	1,20	6,22
Avión	10,59	60,70	21,66	7,05	1.425.522	52,76	12,34	0,23	34,67
Bade	11,20	61,18	21,05	6,57	1.385.717	73,53	18,76	0,60	7,11
Carballada de Avia	10,80	62,15	22,19	4,86	1.325.492	75,36	14,12	0,50	10,02
Castro de Miño	9,53	59,90	25,27	5,30	1.372.594	70,63	18,83	0,58	9,96
Cenlle	5,93	54,37	28,71	10,99	1.616.254	80,47	11,12	0,85	7,56
Cortegada	6,07	61,57	25,26	7,10	1.496.623	76,81	14,64	1,46	7,09
Leiro	8,68	61,17	24,26	5,89	1.390.112	76,74	15,28	1,24	6,74
Melón	12,14	61,86	23,48	2,52	1.231.490	75,64	13,22	1,47	9,67
Ribadavia	7,30	48,07	33,92	10,71	1.680.970	75,54	12,65	2,64	9,17
Comarca de Terra Caldelas									
Castro Caldelas	14,95	53,08	24,18	7,79	1.411.738	71,89	19,20	1,11	7,80
Montederramo	24,25	52,92	18,94	3,89	1.110.535	72,49	21,22	0,96	5,33
Parada de Sil	13,28	51,02	22,44	13,26	1.518.198	86,19	4,40	0,48	8,93
Teixeira	12,72	53,96	21,16	12,16	1.571.426	71,54	15,94	1,40	11,12
Comarca de Terra de Celanova									
A Bola	14,78	60,00	22,50	2,72	1.183.262	78,03	11,10	0,69	10,18
Cartelle	12,12	55,60	25,56	6,72	1.406.411	72,50	16,98	0,68	9,84
Celanova	9,66	51,85	27,46	11,03	1.630.976	73,66	14,73	2,58	9,03
Gomesende	15,91	58,52	20,15	5,42	1.225.008	73,62	14,76	0,38	11,24
A Merca	11,21	50,95	29,45	8,39	1.526.951	71,10	20,26	0,32	8,32
Padrenda	15,38	52,81	22,72	9,09	1.422.116	69,68	19,52	1,49	9,31
Pontevedra	8,17	56,29	28,14	7,40	1.477.589	67,36	24,05	0,60	7,99
Quintela de Leirado	14,00	61,50	19,00	5,50	1.254.155	70,08	13,47	2,15	14,30
Ramirás	13,29	62,29	18,28	6,14	1.310.229	72,07	12,31	1,75	13,87
Verea	19,92	59,44	18,38	2,26	1.066.771	81,15	8,83	2,04	7,98
Comarca de Verín									
Castro do Val	10,49	57,14	27,93	4,44	1.306.279	84,21	8,76	0,74	6,29
Cualedro	12,83	53,70	27,86	5,61	1.347.335	80,19	14,06	0,50	5,25
Laza	12,34	56,16	26,66	4,84	1.339.747	80,16	11,61	1,19	7,04
Monterrei	10,13	55,69	28,23	5,95	1.417.852	86,48	6,48	0,53	6,51
Oimbra	11,19	55,32	27,91	5,58	1.366.061	83,12	10,14	0,50	6,24
Riós	12,37	60,73	23,23	3,67	1.228.892	76,08	15,87	0,29	7,76
Verín	6,75	42,72	36,43	14,10	1.883.600	77,72	12,91	3,62	5,75
Vilardavós	11,91	61,89	22,34	3,86	1.229.214	81,11	13,16	0,11	5,62
Comarca de Viana									
A Gudiña	7,45	53,07	30,61	8,87	1.647.368	75,95	18,26	0,96	4,83
A Mezquita	14,96	48,09	29,89	7,06	1.404.439	78,19	16,18	0,30	5,33
Viana do Bolo	11,85	51,36	27,11	9,68	1.534.079	82,08	10,94	0,42	6,56
Vilariño de Conso	11,17	64,14	18,32	6,37	1.284.612	80,00	12,17	0,06	7,77

Fonte: IGE

Pola porcentaxe de declarantes no terceiro tramo de base imponible destaca o concello de Taboadela, na comarca de Ourense, co 39,91% dos declarantes totais do concello. No segundo tramo de base imponible salienta o concello de Piñor, na comarca de O Carballiño, co 63,11% dos declarantes totais e, finalmente, no primeiro tramo de base imponible o concello da área de Ourense-Verín que ten unha maior porcentaxe de declarantes é o de Montederramo, na comarca de Terra de Caldelas, co 24,25% dos declarantes totais.

Dun xeito xeral, o tramo de base imponible onde os concellos teñen unha maior porcentaxe de declarantes é no segundo tramo, agás o concello de Ourense, onde a maior porcentaxe de declarantes está no tramo terceiro de base imponible.

No que respecta ó rendemento medio declarado, destacan os concellos de Ourense, Verín e Barbadás, con rendementos medios que oscilan entre os 13.284,28 euros de Ourense e os 11.019,46 euros de Barbadás. No extremo contrario sitúanse os concellos de Calvos de Randín, na comarca de A Limia, e o concello de Montederramo, na comarca de Terra de Caldelas, que non alcanzan os 7.212 euros de rendemento medio declarado.

Na análise da distribución porcentual dos rendementos declarados segundo a actividade, en tódolos concellos da área analizada as maiores porcentaxes correspóndense cos rendementos do traballo, con valores que van dende o 89,3% do concello de Punxín ata o 52,7% do concello de Avión.

No que respecta á porcentaxe de rendementos empresariais, salienta o concello de Vilar de Santos, na comarca de O Carballiño, co 27,5% dos rendementos declarados nese concello, e por último, no que respecta ós rendementos profesionais destaca o concello de Ourense, co 3,41% dos rendementos declarados totais no concello. ■